



Bases do concurso de Fotografía SGHN

1. **TEMÁTICA:** "A veciña da miña rúa: a Árbore".
Preténdense imaxes das árbores, observadas nas rúas, estradas ou camiños das nosas cidades, aldeas e vilas. O seu entorno, a súa estrutura, forma, cór ...
2. **OBXECTIVO:** elaboración dun calendario de parede para o ano 2020 de acordo á temática indicada e coas imaxes que se escollan entre as recibidas. Trátase dun almanaque altruista e solidario coa finalidade de recabar fondos para os traballos que SGHN está a desenvolver na Limia.
3. **PARTICIPANTES:**
 - A) O certame esta aberto a todos os interesados que o desexen
 - B) Cada participante poderá enviar un máximo de tres fotos
 - C) Para cada foto, os participantes anotarán os seguintes datos:
 - a. Nome do arquivo da foto
 - b. Autor (nome e apelidos)
 - c. Lugar no que se tomou a foto e breve reseña para poñer no pé de foto
 - d. Os detalles que o autor queira incorporar
4. **CONDICIÓNS E DESENVOLVEMENTO:**
 - A) As fotos serán obrigatoriamente en formato vertical e deberán ter a calidade suficiente para impresión a tamaño calendario de parede.
 - B) As fotos enviaranse ao correo: 2020calendarioarbores@sghn.org
 - C) O prazo para o envío das fotos comeza coa convocatoria e rematará o día 30 de xuño de 2019
 - D) Entre as fotos recibidas seleccionaranse un mínimo de 6 e ata 12 para incluír no almanaque, procurando unha por autor. O concurso será fallado por un xurado elixido por SGHN e a súa decisión será inapelable.
 - E) O concurso suspenderase si o número de fotos seleccionadas é inferior a 6
 - F) Coas fotos recibidas realizarase unha proxección no día da presentación do calendario
 - G) As fotos son propiedade en todo momento do seu autor, quen as cede de maneira gratuita a SGHN exclusivamente para a impresión do calendario, a proxección ou calquera evento que derive deste concurso.
5. O envío das fotos e a participación no concurso supón a aceptación destas bases.

CONTACTO:

Correo electrónico específico: 2020calendarioarbores@sghn.org

Teléfono: 629635512 Marcos Freán (delegado da SGHN en Ourense)